

O tendeiro

matemático



Non podía faltar a esta cita, benqueridos amigos e amigas, o voso colega Leo Pi. Moitos de vós xa me coñecedes de anos anteriores e sabedes do meu gusto polos enigmas e os problemas (matemáticos, claro está). Aquí tendes o que me aconteceu esta vez.

Acabábase de abrir unha tenda de comestibles no meu barrio. Falta nos facía xa que non había ningunha e tiñamos que desprazarnos 1 km para atopar a primeira. O meu pai foi o primeiro en estreala o mesmo día en que abriu; cando a miña nai dixo que quedara sen aceite, non lle sobrou un segundo para ofertarse voluntario para ir a buscalo á nova tenda. Non pensedes que se ofrece voluntario sempre. Neste caso picáballe a curiosidade, senón xa eu tería que escoitar iso de "anda, Leíño,

vaille facer o recado á túa nai que eu vou poñer a lavadora e agora non podo ir”, polo que continuaba sentado vendo a televisión e premendo nas teclas do mando a distancia. Cando meu pai chegou de volta, preguntámoslle como era a nova tenda. Estaba alucinado: comentou o ben ordenada que tiña a tenda Mateo (que así era como se chamaba o tendeiro, aínda que el lle dixo que lle chamara Mate, que así era como lle chamaban os seus amigos), o limpa que estaba, a dilixencia con que traballaba, pero sobre todo polos carteis que tiña en distintos lugares da tenda para facer promocións de produtos varios.

-Non entendo nada do que poñen eses carteis; son adiviñas en vez de carteis; fai ofertas con adiviñas... ao parecer boas ofertas, pero tes que resolver as adiviñas, e eu non estou xa para iso, así que lle dixen que me cobrase normal e punto. Por exemplo esta botella de aceite de oliva virxe extra custoume 2,90 euros, pero ao lado tiña un carteliño adiviña que puña “esta botella custa 2,90 euros por que ten aplicado un IVE do 16%; se me dis canto custaría cun IVE do 8%, déixochá nese prezo”. Non me vou romper os cornos agora de vello -dixo meu pai.



-Pero, papá, se iso é facilísimo -dixen eu. E cunhas simples operacións calculeille o valor da botella co IVE do 8%, que era de _____ euros, polo que se aforrarían _____ euros.

Picoume tanto a curiosidade que, coa excusa de ir mercar un lapis, saín de casa e dirixinme á tenda. Nada máis entrar observei que o que meu pai dixera era totalmente certo. Que ben ordenada estaba e que limpa, que bonitas as cores que a decoraban, que ben clasificados e separados os distintos produtos e que cantidade de notiñas acompañaban a moitos deles. Decateime de que Mate me estaba observando fixamente, supoño que intrigado por como eu estaba a observalo todo. Decidinme a romper o xeo, saudei a Mate e presenteime; díxenlle que o meu pai acabada de estar na tenda pero que esquecera uns doces para a sobremesa e que os viña buscar eu, pero que estaba alucinado con todas as adiviñas que aparecían a carón do moitos dos produtos, posto que a min me encantaba resolver problemas e adiviñas...

Mate pareceu sorprenderse, pero rapidamente reaccionou e, de repente, o sorprendido fun eu cando me dixo:

-Ves aquela caixiña de doces? -díxome sinalando co dedo índice da man dereita un estante que se atopaba á miña esquerda-. Pois regálocha se es capaz de dicirme cantos doces hai nela sabendo que, se cada día comes o 20%

dos doces que hai nela ao comezar o día, cando finalices o segundo día van quedar 32 doces.



Mate volveuse sorprendere cando, facendo as operacións mentalmente, rapidamente lle dixen o número de doces que había na caixa. Axiña colleu a caixa de doces e regalouma.

-Aquí tes. Si que es rápido, Leo -dixo Mate-. Non vou esquecer o teu nome porque te chamas igual que o famoso policía de Vigo, Leo Caldas, e abofé que parece tan espelido coma el. E, aproveitando que estas aquí, vouche pedir que me axudes a calcular a probabilidade de que a miña futura filla sexa rubia e de ollos marróns, pois onte tivemos que ir ao xinecólogo a milla muller e mais eu para unha revisión rutineira e unha ecografía. Todo vai perfecto, o xinecólogo mostrounos, a través da ecografía, imaxes sobre a meniña, as súas mans cos seus dedeiros, o latexar do seu corazón..., xa verás, Leo, que bonita experiencia cando che toque. Pero..., ao que vou, na ledicia que me embargaba e antes de dar-me conta da parvada que ía dicir, preguntelle se a partir da ecografía podería informarnos sobre a cor do pelo e os ollos da nosa nena.



O médico, sorprendido pola pregunta, mirounos fixamente a miña muller e mais a min e sentenciou:

-Meu home, na ecografía non podo ver iso, pero observándoos a vostede e mais a súa muller podo dicirles que, segundo as leis da xenética, ten 1 posibilidade sobre 4 de ser rubia, ten 1 posibilidade sobre 2 de ter os ollos marróns e ten 1 posibilidade sobre tres de non ter nin os ollos marróns nin ser rubia.

-Dime, Leo, cal cres que é a probabilidade de que Sabela sexa rubia e teña os ollos marróns?

Axiña me puxen a cavilar e en pouco tempo lle dei a Mate a solución do enigma do xinecólogo. Mate quedou outra vez sorprendido.

Fixémonos moi amigos.

Ti tamén serías amigo ou amiga de Mate se foses capaz de atopar os resultados que atopei eu.